




TEATRO
MUNICIPAL
LAURO OLMO


www.concellodobarco.org

maio 2010



Presentación do libro
Inmunda Escoria
A universidade franquista e
as mobilizacións estudiantís
en Compostela, 1939-1968
de Ricardo Gurriarán
xoves 29 abril. 20h
Edificio Multiusos

Uxío Novoneyra
Letras Galegas 2010



Presentación do libro
A distancia do lobo
Biografía de Uxío Novoneyra
de Antón Lopo
martes 18 maio. 20h
Biblioteca Florencio
Delgado Gurriarán



Master Class

Bengala Producións

venres 7 maio. 21h

Autor: Terrence McNally

Dirección: Xosé M. Rabón

Elenco: Mabel Rivera, Lino Braxe, María Torres, Julia Cea (soprano) e Enrique Martínez (tenor)

Público preferente: adulto

A actriz galega Mabel Rivera revivirá os últimos pasos da vida artística de María Callas, cando a diva de orixe grego impartiu na afamada academia de Nova York Julliard unhas "clases maxistrals" coas que quería transmitir o seu legado sobre o escenario. Será nunha xira teatral que percorrerá un total de 15 localidades galegas da man de Xacobeo 2010, dentro da programación preparada no Camiño das Artes Escénicas, e a produtora Bengala. Trátase dunha nova adaptación da célebre obra do norteamericano Terrence McNally, dirixida nesta ocasión por Xosé Manuel Rabón, e que se titula, precisamente, Master Class.

Trinta anos despois da morte da "Divina", a figura artística e humana de María Callas segue fascinando ao mundo. Mabel Rivera enfróntase a unha personaxe chea de matices e rexistros interpretativos, tanto a nivel persoal como artístico, como é o dun mito de alcance universal, para os amantes da ópera e do público en xeral. A actriz galega estará acompañada na escena por intérpretes da talla de Lino Braxe e María Torres, ademais de cantantes líricos cunha gran bagaxe profesional como Julia Cea e Enrique Martínez.



A caixa de música

Viravolta Títeres

venres 21 maio. 20h

Autor: Viravolta

Dirección: Anxo García

Elenco artístico / formación: Pilar Álvarez, Xulio Balado, Anxo García.

Músicos: Xosé Manuel Yáñez, Mariola Gil Lago, Beatriz Rodríguez Caridad.

Duración: 60 minutos. **Público:** Infantil entre 4 e 10 anos.

Tras Historia do soldado e Paxaro de lume, Viravolta presenta un novo espectáculo musical. En esta ocasión recurrimos a unha historia propia e a unha música creada especificamente para este espectáculo por Ermitas García Ríos, arranxista dos anteriores espectáculos. Unha combinación de títeres de mesa e luz negra con con música para trío de piano, violín e clarinete interpretada en escena por Xosé Manuel Yáñez, Mariola Gil e Beatriz Rodríguez Caridad. Cecilia e Salterio, xogando, estragan a pequena caixa de música de Calderón (músico ambulante). Pesarosa e arrepentida, Cecilia tratará de arranxala recuperando os sons que escaparon dela, aprehendendo distintas combinacións de sons, que viven nunha gran "caixa de música"

Música ao vivo

Sala Baranda

07/05/2010 ás 00.00 h - Pop. Nouvelle Cuisine

14/05/2010 ás 00.00 h - Rock. Belöp

28/05/2010 ás 00.00 h - Rock. Capitán Furilo

CINECLUBGROUCHOMARX

en sesións de 20h30 e 22h30



xoves 6



xoves 13



xoves 20



xoves 27



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS
Concellaría de Cultura



XACOBEO
2010

EDITORIAL GALAXIA



XERAI S



Biblioteca Municipal
Florencio Delgado Gurriarán



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO
Dirección Xeral de
Promoción e Difusión da Cultura

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS